g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) As entidades beneficiarias están obrigadas a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

k) As entidades beneficiarias deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na Cláusula 10.

ll) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

m) As entidades beneficiarias comprométense a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2º) En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do cumprimento do mesmo.



En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD se axustan á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior dos mesmos; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entullos de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3º) Pola restante normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo as entidades beneficiarias comprométense a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e deben acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se encontran ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non estás incursas nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

**Quinta. Actuacións de rehabilitación, equipamentos e infraestruturas**

Para as actuacións que signifiquen rehabilitación, equipamentos e infraestruturas deberanse ter en conta as seguintes condicións específicas do principio DNSH, recollidas na cláusula sexta do convenio ARD Ría Muros-Noia coa Axencia Turismo de Galicia:

• Para prevención e o control da contaminación: realizar unha avaliación de impacto ambiental de cada un dos investimentos da medida de acordo coa Directiva da EIA e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluirán no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e o control da contaminación do chan e da auga.

• Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

• Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehido por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles canceríxenos de categorías 1A e 1 B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo con CEN / TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.

• Para a prevención e o control da contaminación e protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas crave para a biodiversidade, así como outras áreas protexidas) ou en áreas próximas, requirirase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (EIA) de acordo coa Directiva EIA.

• Para mitigación do cambio climático: Na rehabilitación de edificios teranse en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.

• Para adaptación ao cambio climático: As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado, etc.

• Para transición a unha economía circular:

1. Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 / EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.



**Sexta**. **Subcontratación**

Consonte a cláusula oitada do antedito convenio Axencia de Turismo de Galicia-ARD Ría Muros-Noia, as actividades subvencionadas poderán ser obxecto de subcontratación total ou parcial tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na normativa en materia de axudas de Estado e o establecido no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro e nas Ordes HFP 1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A asociación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame
Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No caso de que se subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

As entidades beneficiarias deberán identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluirán nos procedementos de licitación o seguintes extremos:
a) NIF do contratista ou subcontratistas.
b) Nome ou razón social.
c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión.
f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

**Sétima. Prazo e forma de xustificación**



De conformidade coa cláusula décima do convenio Axencia de Turismo de Galicia-ARD Ría Muros-Noia, as actuacións subvencionadas deberán estar rematadas antes do 31 de decembro 2024 e a súa xustificación presentada ante a Axencia Turismo de Galicia como data límite o 30 de xuño de 2025 (sen prexuízo das ampliacións de prazos que se poidan obter de conformidade coa normativa reguladora do PSTD) cunha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 do Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda se outorgue conforme a un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deba solicitar o beneficiario.

e) Certificado expedido pola Intervención, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.

f) Certificado emitido pola entidade que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención.

g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Tamén deberán conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así mesmo, as entidades executora e colaboradoras deberán presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Coa finalidade de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 75 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 25 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35% de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética / electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional.

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:
- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presente a documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.



**Oitava. Publicidade e difusión**

De conformidade co disposto na cláusula décimo-primeira do convenio Axencia Turismo de Galicia-ARD Ría Muros-Noia, as entidades beneficiarias das axudas deberán cumprir as seguintes obrigacións en materia de publicidade e difusión:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo ao artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o MRR e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

b) Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberanse incluír os seguintes logos:
1.º O emblema da Unión Europea.
2.º Xunto co emblema da Unión, incluirase o texto «Financiado pola Unión Europea - Next Generation EU».
3.º Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de Execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE)n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a seguinte páxina web: http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm e descargar distintos exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download.

c) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Axencia Turismo de Galicia.

d) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, dispoñible no link http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual.

2. No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Novena. Incumprimento e reintegro**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. A constatación de que as entidades beneficiarias non utilizaron a subvención da Axencia Turismo de Galicia para o destino específico para o que se solicitou e concedeu, non realicen a actuación que deu orixe á subvención, non xustifiquen a súa aplicación aos fins determinados para os que se interesou ou, en xeral, da existencia de calquera suposto de incumprimento das condicións que motivaron a concesión da subvención, a negativa para facilitar o labor de inspección e o non cumprimento das obrigacións atribuídas ás persoas beneficiarias, dará lugar previa audiencia ao interesado, á declaración de perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, á obrigación de reintegrar á Tesoureira Xeral autonómica as cantidades percibidas, máis os intereses legais que procedan, de conformidade e nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas , as entidades deberán reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento. No caso de que proceda a devolución anticipada do anticipo reembolsable estarase ao establecido na cláusula décima.

De igual modo, de conformidade co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, celebrada o día 21 de decembro de 2021, na que se aproban os criterios de repartición e distribución territorial de créditos destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conlevará a devolución total ou parcial das cantidades percibidas:
a) Non lograr, en todo ou en parte, os obxectivos previstos: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.
b) Non poder acreditarse o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores reportados: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.
c) Calquera irregularidade que afecte a medidas baixo a súa responsabilidade determinada en calquera control desenvolvido por autoridades nacionais ou comunitarias que recaia sobre aquelas e que impida o retorno de fondos ao Tesouro: reintegro do importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.
d) Non utilización das cantidades recibidas para as medidas para as que se transferiron: reintegro de fondos ao Estado polo importe indebidamente utilizado.



2. Así mesmo, procede o reintegro de fondos polas súas especiais condicións en caso de incumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo», da etiquetaxe dixital ou ambiental ou das condicións recollidas na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España e no Compoñente 14.

3. Cando o cumprimento polas entidades beneficiarias se aproxime de modo significativo ao cumprimento total, entendo por tal a adecuada satisfacción do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, e se acredite pola entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos por atoparse en fase final de execución as actuacións obxecto da subvención, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. O órgano competente para esixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Axencia Turismo de Galicia.

**Décima. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento**

Conforme ao establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, a axuda concedida no marco do Mecanismo sumarase á proporcionada conforme outros programas e instrumentos da Unión. As reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.

Terase así mesmo en conta o previsto no apartado 3 do artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

En consecuencia, as axudas deben respectar o principio de adicionalidade e a necesidade de establecer mecanismos que eviten o dobre financiamento, de maneira que os investimentos financiados con fondos do MRR poderán recibir axudas doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo, e en todo caso de conformidade co disposto no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento Xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

**Décimo primeira. Protección de datos**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As partes asinantes están obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías de dereitos dixitais.

As citadas obrigacións subsistirán aínda despois de terminado o proxecto de referencia.

No presente convenio, será responsable do tratamento a ARD Ría Muros-Noia nos termos establecidos na normativa referenciada e coas obrigacións e condicionamentos que aquela establece.

**Décimo segunda. Normas específicas do procedemento de colaboración e coordinación dos concellos e da ARD Ría Muros-Noia para a execución das actuacións**

1. A colaboración e coordinación dos concellos integrantes e da ARD Ría Muros-Noia para a execución do Subproxecto e a designación do Concello de Noia como entidade executora concrétase do seguinte xeito:

A) Actos preparatorios de contratación

-1º. A aprobación dos proxectos de obras, a obtención das autorizacións sectoriais necesarias e a posta a disposición dos terreos precisos para a súa execución, correspóndelles a cada un dos concellos en cuxo territorio se localicen as actuacións. Os demais concellos remitiranlle ao de Noia a documentación citada para que este continúe a tramitación dos expedientes oportunos.

Cando se trate dun proxecto de obras que comprenda actuacións en varios municipios, a elaboración do proxecto correspóndelle ao Concello de Noia e a súa aprobación a todos os concellos afectados. A obtención das autorizacións sectoriais e a dispoñibilidade dos terreos corresponde a cada un dos concellos no tocante á parte do proxecto que afecte ao seu territorio.



- 2º. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas dos contratos de obras correspóndelle ao Concello de Noia como entidade executora do subproxecto.

- 3º. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas dos demais contratos diferentes dos de obra pública correspóndelle ao Concello de Noia como entidade executora do Subproxecto.

B) A licitación, adxudicación e formalización dos contratos, o exercicio das potestades de control e sancionadora durante a súa execución, a aprobación de certificacións e a realización dos pagos correspóndenlle ao Concello de Noia como entidade executora do subproxecto, así como o nomeamento de directores técnicos das obras e de responsables dos contratos, e o exercicio das potestades de control durante os períodos de garantía.

C) Tamén lle correponde ao Concello de Noia, na calidade de única entidade executora-colaboradora, a recepción das prestacións dos contratos de obras e servicios que licite na antedita condición, e a posterior transferencia das obras e servizos á ARD Muros-Noia para que esta, como perceptora dos Fondos, os entregue aos concellos beneficiarios.

2. A ARD Ría Muros-Noia, como entidade beneficiaria e perceptora dos Fondos, resérvase as potestades de coordinación e control das actuacións de execución dos proxectos por medio de:

a) A prestación de conformidade previa aos proxectos de obras, e aos pregos de cláusulas administrativas e técnicas das licitacións de obras e servizos, sen prexuízo da súa posterior aprobación polos concellos aos que lles corresponde.

b) A participación dun representante da ARD nos actos de recepción da obra ou servizo contratados.

3. Calquera modificación dos proxectos de obras ou das características dos servizos obxecto de contratación deberá contar coa aprobación previa da ARD Ría-Muros Noia e, no caso de que sexa preceptivo, coa aprobación da Comisión de Seguimento do PSTD.

4. As obras públicas incluídas no Plan e subproxecto obxecto deste convenio terán a consideración de propias dos concellos integrantes da ARD Ría Muros-Noia para os efectos de innecesariedade de obter licenza urbanística da Corporación en cuxo territorio ou territorios se executen e de non suxeición ás taxas aplicables nin ao imposto de construcións, obras e instalacións.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5. O destino dos remanentes que se poidan xerar nos procesos de licitación e execución das actuacións deberá ser aprobado pola ARD Ría Muros-Noia e, no caso de que sexa preceptivo, pola Comisión de Seguimento do PSTD, sempre con suxeición ás normas reguladoras da subvención concedida ao abeiro do PRSR e no marco do PSTD, tendo en conta especialmente as porcentaxes obrigatorias dos eixos e etiquetas climáticas definidos nos regulamento e convocatoria dos PSTD.

6. A ARD Ría Muros-Noia transferiralle os fondos da subvención ao Concello de Noia trala sinatura deste convenio que abrirá para o efecto unha conta restrinxida ás operacións de execución do PSTD.

7. O Concello de Noia elaborará a documentación xustificativa da execución das actuacións do subproxecto na forma e prazo previstos na cláusula sétima deste convenio, coa colaboración que sexa precisa dos demais concellos beneficarios e da ARD Muros-Noia.

8. A ARD Ría Muros-Noia e os concellos beneficiarios actuarán na execución deste convenio con suxeición aos principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, cooperación e coordinación, comprometéndose a manter informados puntualmente cada un deles aos demais sobre calquera incidencia que poida ser relevante para os efectos da execución do convenio.

9. Con anterioridade a este convenio ou con carácter simultáneo á súa aprobación, a ARD Ría Muros-Noia e os concellos colaboradores aprobarán e implantarán un Plan Antifraude e constituirán os órganos e mecanismos previstos nel (comité antifraude, caixa de correo de denuncias, etc.). As disposicións do antedito Plan serán aplicables á cadea de trámites necesarios para xestionar os fondos e executar os proxectos.

**Décimo terceira. Comisión de seguimento do presente Convenio.**

A Xunta Directiva da ARD Ría Muros-Noia, na que están representados todos os seus concellos integrantes, desempeñará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e corresponderanlle as funcións de control das actuacións e resolución das cuestións que poidan xurdir verbo da súa interpretación e execución. O funcionamento da antedita Xunta axustarase ás normas reguladoras dos estatutos da ARD Muros-Noia.



En proba de conformidade e trala súa lectura, os comparecentes asinan este convenio no lugar e data sinalados no encabezamento.

## 6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

---

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

**Antecedentes Administrativos:**

1) O 25/01/2023, con rexistro de entrada 125, recíbese oficio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia solicitando o inicio do expediente para a elección do Xuíz de Paz Titular, advertindo que no caso de non facelo será nomeado directamente pola Sala de Goberno do TSXG. Do mesmo xeito, cómpre remitir copia completa do expediente tramitado.

2) Providencia da alcaldía do 15.02.2023 incoando o expediente e solicitando informe do TAX.

3) Informe do TAX do 15.02.2023

4) Bando da Alcaldía-Presidencia do 23.02.2023

5) Oficio de remisión do bando ao Xulgado de 1ª Instancia e instrución de Noia (RS 202300000000117 do 24.02.2023)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6) Publicación do Bando na sede electrónica municipal entre os días 24/02/2023 e 03/04/2023.

7) Publicación de anuncio no BOP núm. 39 do 27.02.2023, outorgando un prazo de presentación de solicitudes de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

8) Solicitude de Susana Filgueira Pazos (entrada 202399900000154 do 01.03.2023)

9) Solicitude de Dolores González Castro (entrada 202300000000353 do 08.03.2023)

10) Solicitude de Juan Jesús Vázquez Otero (entrada 202399900000166 do 10.03.2023)

11) Solicitude de Andrea Pita Díaz (entrada 202300000000394 do 17.03.2023)

12) Informe do TAX, do 22.03.2023, sobre a idoneidade dos candidatos presentados para a súa toma de consideración polo Pleno Corporativo.

13) Informe da Secretaría-Intervención, do 23/03/2023.

**Fundamentación Xurídica:**

O artigo 101 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houbera solicitantes, o Pleno elixirá libremente.



**Elección entre os solicitantes:**

A continuación, a Alcaldía somete a votación do Pleno Corporativo, a elección da persoa para o cargo de Xuíz de Paz Titular, co seguinte resultado:

| Solicitantes para o cargo de Xuíz de Paz | Resultado da votación do Pleno Corporativo | Acada a maioría absoluta do número legal de membros |
|---|---|---|
| *Dolores González Castro* | | |
| *Susana Filgueira Pazos* | | |
| *Juan Jesús Vázquez Otero* | | |
| *Andrea Pita Díaz* | | |

Á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos expostos, así como as solicitudes presentadas para ocupar o cargo de Xuíz de Paz Titular, o Pleno Corporativo, de conformidade co artigo 22.2.p) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como o artigo 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, **ACORDA**:

**Primeiro:** Elixir a ……………………………………………, con domicilio en ………………………………., como Xuíz de Paz Titular, ao acadar a maioría absoluta do número legal de membros do Pleno Corporativo.

**Segundo:** Dar traslado deste acordo ao Xulgado de 1ª instancia e instrución Decano de Noia que o elevará á Sala de Goberno, tal e como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz**.**

---

A Alcaldía comenta que todos os voceiros teñen a documentación de todos os candidatos; e polo tanto vaise proceder á votación dos mesmos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta ACORDA:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

**Antecedentes Administrativos:**

1) O 25/01/2023, con rexistro de entrada 125, recíbese oficio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia solicitando o inicio do expediente para a elección do Xuíz de Paz Titular, advertindo que no caso de non facelo será nomeado directamente pola Sala de Goberno do TSXG. Do mesmo xeito, cómpre remitir copia completa do expediente tramitado.

2) Providencia da alcaldía do 15.02.2023 incoando o expediente e solicitando informe do TAX.

3) Informe do TAX do 15.02.2023

4) Bando da Alcaldía-Presidencia do 23.02.2023

5) Oficio de remisión do bando ao Xulgado de 1ª Instancia e instrución de Noia (RS 202300000000117 do 24.02.2023)

6) Publicación do Bando na sede electrónica municipal entre os días 24/02/2023 e 03/04/2023.

7) Publicación de anuncio no BOP núm. 39 do 27.02.2023, outorgando un prazo de presentación de solicitudes de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

8) Solicitude de Susana Filgueira Pazos (entrada 202399900000154 do 01.03.2023)

9) Solicitude de Dolores González Castro (entrada 202300000000353 do 08.03.2023)

10) Solicitude de Juan Jesús Vázquez Otero (entrada 202399900000166 do 10.03.2023)

11) Solicitude de Andrea Pita Díaz (entrada 202300000000394 do 17.03.2023)

12) Informe do TAX, do 22.03.2023, sobre a idoneidade dos candidatos presentados para a súa toma de consideración polo Pleno Corporativo.

13) Informe da Secretaría-Intervención, do 23/03/2023.

**Fundamentación Xurídica:**

O artigo 101 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houbera solicitantes, o Pleno elixirá libremente.

**Elección entre os solicitantes:**

A continuación, a Alcaldía somete a votación do Pleno Corporativo, a elección da persoa para o cargo de Xuíz de Paz Titular, co seguinte resultado:

| Solicitantes para o cargo | Resultado da votación do Pleno | Acada a maioría absoluta |
|---|---|---|



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| de Xuíz de Paz | Corporativo | do número legal de membros |
|---|---|---|
| *Dolores González Castro* | 11 | SI |
| *Susana Filgueira Pazos* | 0 | NON |
| *Juan Jesús Vázquez Otero* | 0 | NON |
| *Andrea Pita Díaz* | 0 | NON |

Á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos expostos, así como as solicitudes presentadas para ocupar o cargo de Xuíz de Paz Titular, o Pleno Corporativo, de conformidade co artigo 22.2.p) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como o artigo 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, **ACORDA**:

**Primeiro:** Elixir a **Dolores González Castro**, con domicilio en Lousame (*Marracín de Abaixo, núm. 18*), como Xuíz de Paz Titular, ao acadar a maioría absoluta do número legal de membros do Pleno Corporativo.

**Segundo:** Dar traslado deste acordo ao Xulgado de 1ª instancia e instrución Decano de Noia que o elevará á Sala de Goberno, tal e como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz**"**

## 7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 19/2023 Á 146/2023



A Alcaldía da conta das Resolucións da Alcaldía, da núm. 19/2023 á 146/2023, que foron remitidas aos voceiros dos GPM xunto coa convocatoria.

A Corporación dáse por enterada.

## 8. INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

A Alcaldía comenta que vai someter a consideración do Pleno Corporativo, tres asuntos por razón de urxencia. Un deles é o cambio do día de celebración do Pleno Ordinario do mes de maio, xa que coincidiría o día anterior ao comezo da xornada de reflexión das eleccións municipais do 28 de maio. O segundo asunto é un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito, por unha factura que chegou o día 21, pero que correspondía a gastos do exercicio anterior. É preciso aprobar o REC para poder facer fronte ao seu pagamento. E por último é un expediente de aprobación inicial dunha Taxa para a dirección e coordinación das obras municipais. Os tres asuntos son urxentes é deben ser aprobados o antes posible.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete a consideración do Pleno Corporativo a urxencia destes tres asuntos e a súa inclusión na orde do día.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta ACORDA: ratificar a urxencia e a inclusión na Orde do Día destes tres asuntos:**

1) **Cambio da data do pleno ordinario do mes de maio**
2) **Aprobación do REC 6/2023**
3) **Aprobación inicial da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## 8.1 CAMBIO DA DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE MAIO

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

---

<<Segundo o acordado polo propio Pleno do Concello de Lousame, as sesións ordinarias teñen lugar o último venres dos meses impares. Neste mes de maio de 2023, o pleno ordinario debería ser celebrado o venres, día 26 de maio, ás 20:30 horas.

O Consello de Ministros aprobou o martes, día 28/03/2023, o Real Decreto de convocatoria das eleccións municipais do vindeiro mandato corporativo 2023-2027. Esta convocatoria entrará en vigor o próximo 4 de abril, cando será publicada no Boletín Oficial do Estado. Segundo este Real Decreto, as vindeiras eleccións municipais terán lugar o domingo, 28 de maio do 2023. E a campaña electoral, que terá unha duración de 15 días, comezará ás 00:00 horas do venres, 12 de maio e finalizará ás 24:00 horas do venres 26 de maio; reservándose o sábado, 27 de maio, para a xornada de reflexión.

Tendo en conta que a data prefixada para o pleno ordinario de maio (26/05/2023) coincide co último día da campaña electoral, e cos actos de fin de campaña de todas as candidaturas, considérase axeitado cambiar a data de celebración do pleno ordinario do mes de maio.

Sendo que a campaña electoral comeza o venres, 12 de maio de 2023, ás 0:00 horas; e que adoita ser frecuente efectuar a pegada dos carteis electorais na madrugada do xoves 11 de maio para o venres 12 de maio; considérase que a data idónea para a celebración do pleno ordinario do mes de maio sexa o xoves, 11 de maio do 2023.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

Único: Cambiar a data do pleno ordinario do mes de maio de 2023 (prefixada para o venres, día 26 de maio de 2023) que terá lugar o xoves, día 11 de maio do 2023, ás 20:30 horas>>

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta ACORDA:**

<<Segundo o acordado polo propio Pleno do Concello de Lousame, as sesións ordinarias teñen lugar o último venres dos meses impares. Neste mes de maio de 2023, o pleno ordinario debería ser celebrado o venres, día 26 de maio, ás 20:30 horas.

O Consello de Ministros aprobou o martes, día 28/03/2023, o Real Decreto de convocatoria das eleccións municipais do vindeiro mandato corporativo 2023-2027. Esta convocatoria entrará en vigor o próximo 4 de abril, cando será publicada no Boletín Oficial do Estado. Segundo este Real Decreto, as vindeiras eleccións municipais terán lugar o domingo, 28 de maio do 2023. E a campaña electoral, que terá unha duración de 15 días, comezará ás 00:00 horas do venres, 12 de maio e finalizará ás 24:00 horas do venres 26 de maio; reservándose o sábado, 27 de maio, para a xornada de reflexión.

Tendo en conta que a data prefixada para o pleno ordinario de maio (26/05/2023) coincide co último día da campaña electoral, e cos actos de fin de campaña de todas as candidaturas, considérase axeitado cambiar a data de celebración do pleno ordinario do mes de maio.

Sendo que a campaña electoral comeza o venres, 12 de maio de 2023, ás 0:00 horas; e que adoita ser frecuente efectuar a pegada dos carteis electorais na madrugada do xoves 11 de maio para o venres 12 de maio; considérase que a data idónea para a celebración do pleno ordinario do mes de maio sexa o xoves, 11 de maio do 2023.

Á vista dos antecedentes expostos, este Pleno Corporativo ACORDA:

Único: Cambiar a data do pleno ordinario do mes de maio de 2023 (prefixada para o venres, día 26 de maio de 2023) que terá lugar o xoves, día 11 de maio do 2023, ás 20:30 horas>>



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## 8.2 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REC 6/2023

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

---

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do seguinte acordo, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e do previsto nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023, adopta o seguinte acordo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

*Antecedentes Administrativos*:

**Primeiro**: Vistos os xustificantes de gasto que se relacionan de seguido:

| **REC6/2023: Facturas chegadas en 2023 de servicios prestados en anos anteriores, financiadas con cargo a orzamento corrente do 2023** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº de Entrada | Fecha | Nº Docu. | Fecha Dto. | Importe Total | Nombre | Texto Explicativo | Prog | Econ |
| F/2023/767 | 21-3-23 | GA2022 100 | 30-11-22 | 1600 | GONZALO REGUEIRO CERVIÑO | TRABALLOS DE CRONOMETRAXE CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR POR EQUIPOS CONCELLO DE LOUSAME | 341 | 2279 9 |



**Segundo**: Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 65/2023 de 30/03/2023.

**Terceiro:** Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía dos anteriores gastos realizados, incorporada ao expediente administrativo.

**Cuarto:** Existindo a necesidade de proceder á aprobación dos anteriores documentos xustificativos de gasto.

*Fundamentación Xurídica*:

**Primeira**: Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril establece que nos casos nos que se produza omisión da fiscalización previa, a competencia para decidir si se continúa o procedemento, corresponde ao Presidente da Entidade; manifestando a súa conformidade coa continuación do procedemento na Memoria Xustificativa incorporada ao expediente administrativo.

**Segunda**: Tendo en conta as circunstancias relativas a estes gastos e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender aos gastos incorridos para evitar o prexuízo do provedores arriba relacionados e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración; considerando ademais que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, á vista do estado de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención do resto das necesidades do exercicio.

**Terceira**: Constando a efectiva realización dos traballos e considerando que os servizos e subministros son conformes en cantidade, prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos, dos documentos xustificativos de gasto antes indicados.

**Segundo:** Ordear o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

**Terceiro:** Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento contable para a súa tramitación e efectos oportunos"

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta ACORDA:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do seguinte acordo, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e do previsto nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023, adopta o seguinte acordo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

*Antecedentes Administrativos:*

**Primeiro**: Vistos os xustificantes de gasto que se relacionan de seguido:

| REC6/2023: Facturas chegadas en 2023 de servicios prestados en anos anteriores, financiadas con cargo a orzamento corrente do 2023 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº de Entrada | Fecha | Nº Docu. | Fecha Dto. | Importe Total | Nombre | Texto Explicativo | Prog | Econ |
| F/2023/767 | 21-3-23 | GA2022 100 | 30-11-22 | 1600 | GONZALO REGUEIRO CERVIÑO | TRABALLOS DE CRONOMETRAXE CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR POR EQUIPOS CONCELLO DE LOUSAME | 341 | 22799 |

**Segundo**: Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 65/2023 de 30/03/2023.

**Terceiro:** Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía dos anteriores gastos realizados, incorporada ao expediente administrativo.

**Cuarto:** Existindo a necesidade de proceder á aprobación dos anteriores documentos xustificativos de gasto.

*Fundamentación Xurídica:*

**Primeira**: Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril establece que nos casos nos que se produza omisión da fiscalización previa, a competencia para decidir si se continúa o procedemento, corresponde ao Presidente da Entidade; manifestando a súa conformidade coa continuación do procedemento na Memoria Xustificativa incorporada ao expediente administrativo.

**Segunda**: Tendo en conta as circunstancias relativas a estes gastos e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender aos gastos incorridos para evitar o prexuízo do provedores arriba relacionados e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración; considerando ademais que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, á vista do estado de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención do resto das necesidades do exercicio.

**Terceira**: Constando a efectiva realización dos traballos e considerando que os servizos e subministros son conformes en cantidade, prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, **ACORDA:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Primeiro:** Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos, dos documentos xustificativos de gasto antes indicados.

**Segundo:** Ordear o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

**Terceiro:** Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento contable para a súa tramitación e efectos oportunos"

## 8.3 APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS NAS OBRAS MUNICIPAIS

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

---

*Asunto: Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais.*
*Expediente: 2021/G015/000001*

**PROPOSTA AO PLENO CORPORATIVO**

**"**O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

*Antecedentes Administrativos:*

1) O 06.06.2021 a Alcaldía formula consulta pública previa sobre o proxecto de ordenanza fiscal (OF): Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais; na aplicación do artigo 133 da LPACAP.

2) Documentación acreditativa da publicación da consulta pública previa na páxina web municipal, dende o 07.07.2021 até o 22.07.2021. Documentación acreditativa da publicación da consulta pública previa na sede electrónica municipal, dende o 06.07.2021 até o 22.07.2021.

3) O 27.07.2021 a Alcaldía formula información pública e audiencia aos afectados sobre o proxecto de OF: Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais; na aplicación do artigo 133 da LPACAP; incluíndo o texto da futura OF.

4) Documentación acreditativa da publicación da "información pública e audiencia aos afectados" na páxina web municipal, dende o 27.07.2021 até o 12.08.2021. Documentación acreditativa da publicación da "información pública e audiencia aos afectados" na sede electrónica municipal, dende o 27.07.2021 até o 12.08.2021.

5) Providencia da Alcaldía, do 23.08.2021 incoando o expediente administrativo; así como proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais.

6) Providencia da Alcaldía do 21/03/2023 na que se ordena retomar a tramitación do expediente administrativo, achegando o texto definitivo da futura ordenanza fiscal e solicitando a emisión de informe.

7) Informe do Departamento de Urbanismo relativo a datos necesarios para elaborar o informe técnico-económico, do 30.03.2023.

8) Informe Técnico-Económico relativo ao estudo de custos da taxa, do 31/03/2023.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

9) Informe da Secretaría-Intervención sobre o expediente administrativo, do 31/03/2023.

*Fundamentación Xurídica:*

1. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar unha Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais.

2. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

3. Seguiuse a tramitación prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, para garantir a participación da cidadanía na elaboración das normas e regulamentos; aínda que segundo a recente sentenza do Tribunal Supremo, do 31/01/2023 o artigo 133 non sería aplicable porque as ordenanzas fiscais xa teñen unha regulación propia, constituíndo lexislación especial.

4. O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:



**Primeiro:** Aprobar inicialmente a imposición da "*Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais*" e a ordenanza fiscal reguladora da mesma, nos termos que figuran no expediente e coa redacción recollida no anexo a este acordo.

**Segundo:** Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica do Concello.

**Terceiro:** No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

**Cuarto:** Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da taxa e da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia".

## PROXECTO DE ORDENANZA:

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS NAS OBRAS MUNICIPAIS (DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE OBRAS, INSPECCIÓN E LIQUIDACIÓN)

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais que se executen por terceiros (dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación), que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, segundo o establecido no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa os servizos que o Concello presta aos adxudicatarios de obras municipais (a través dos seus propios servizos técnicos e/ou concertados) de: dirección facultativa, de execución material, inspección, coordinación e comprobación do cumprimento das prescricións establecidas pola Lei de Prevención de Riscos Laborais en materia de seguridade e saúde.

## ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

3.1.- Dirección de obra: Comprende todos os traballos de dirección facultativa da obra, comprendidos na Lei de Contratos do Sector Público; dende a preparación da documentación e autorizacións previas á Acta de Reformulo até a Acta de recepción da Obra.

3.2.- Liquidación: A liquidación é o último acto de verificación das unidades executadas; que da lugar ao peche das certificacións (pagos a conta) e eméndanse calquera erro, exceso ou defecto, axustando os pagos ao realmente executado e sen posibilidade de modificación posterior. O traballo de liquidación atópase incluído no servizo de dirección de obra.

3.3.- Coordinación de Seguridade e Saúde: Inclúe todos os servizos relacionados no Real Decreto 1627/1997, durante o desenvolvemento da obra.

## ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO



Serán suxeitos pasivos das taxas que se regulan nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que resulten adxudicatarias das obras ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa, cando sexan legalmente esixibles a dirección de obra ou/e os servizos de coordinación e saúde (e con independencia de que o servizo se preste de xeito directo ou indirecto)

## ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a Base Impoñible da taxa o Orzamento de execución por contrata (segundo proxecto técnico, memoria valorada ou orzamento aprobado polo Concello).

O Orzamento de execución por contrata está composto polo presuposto de execución material, mais os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, que serven de base para a licitación das obras.

## ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas:

| | |
|---|---|
| Dirección das obras | 3% sobre o Orzamento Execución por contrata |
| Coordinación de seguridade e saúde | 1% sobre o Orzamento Execución por contrata |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## ARTIGO 7. DEVINDICACIÓN

As taxas devindicaranse cando se presenten á aprobación cada unha das certificacións correspondentes á obra cuxa dirección e/ou coordinación en materia de seguridade e saúde constitúa o feito impoñible.

## ARTIGO 8. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN.

1.- A Alcaldía (ou órgano no que delegue) aprobará a liquidación das Taxas a partir do momento da presentación das certificacións indicadas no artigo anterior, polos adxudicatarios contratistas das obras públicas municipais, a quen se lles preste os servizos de dirección técnica e/ou coordinación en materia de seguridade e saúde. Por razóns de economía procesual, a liquidación das Taxas pode aprobarse xunto coa certificación de obra.

2.- Existen dúas canles para o ingreso das taxas na Tesourería Municipal: 1) Ao proceder ao pagamento da certificación, poderá practicarase retención sobre a parte que corresponda á taxa. 2) Ou ben liquidar as taxas ao contribuínte de xeito independente, esixíndolle o seu ingreso nas arcas municipais, nos prazos conferidos pola lexislación tributaria.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.



## DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa,
Mª Teresa Villaverde Pais

---

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta ACORDA:**

*Asunto: Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais.*
*Expediente: 2021/G015/000001*

**“**O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*Antecedentes Administrativos:*

10) O 06.06.2021 a Alcaldía formula consulta pública previa sobre o proxecto de ordenanza fiscal (OF): Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais; na aplicación do artigo 133 da LPACAP.

11) Documentación acreditativa da publicación da consulta pública previa na páxina web municipal, dende o 07.07.2021 até o 22.07.2021. Documentación acreditativa da publicación da consulta pública previa na sede electrónica municipal, dende o 06.07.2021 até o 22.07.2021.

12) O 27.07.2021 a Alcaldía formula información pública e audiencia aos afectados sobre o proxecto de OF: Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais; na aplicación do artigo 133 da LPACAP; incluíndo o texto da futura OF.

13) Documentación acreditativa da publicación da "información pública e audiencia aos afectados" na páxina web municipal, dende o 27.07.2021 até o 12.08.2021. Documentación acreditativa da publicación da "información pública e audiencia aos afectados" na sede electrónica municipal, dende o 27.07.2021 até o 12.08.2021.

14) Providencia da Alcaldía, do 23.08.2021 incoando o expediente administrativo; así como proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais.

15) Providencia da Alcaldía do 21/03/2023 na que se ordena retomar a tramitación do expediente administrativo, achegando o texto definitivo da futura ordenanza fiscal e solicitando a emisión de informe.



16) Informe do Departamento de Urbanismo relativo a datos necesarios para elaborar o informe técnico-económico, do 30.03.2023.

17) Informe Técnico-Económico relativo ao estudo de custos da taxa, do 31/03/2023.

18) Informe da Secretaría-Intervención sobre o expediente administrativo, do 31/03/2023.

*Fundamentación Xurídica:*

5. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar unha Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais.
6. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

7. Seguiuse a tramitación prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, para garantir a participación da cidadanía na elaboración das normas e regulamentos; aínda que segundo a recente sentenza do Tribunal Supremo, do 31/01/2023 o artigo 133 non sería aplicable porque as ordenanzas fiscais xa teñen unha regulación propia, constituíndo lexislación especial.

8. O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a imposición da "*Taxa pola prestación de servizos facultativos nas Obras Municipais*" e a ordenanza fiscal reguladora da mesma, nos termos que figuran no expediente e coa redacción recollida no anexo a este acordo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica do Concello.

**Terceiro:** No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

**Cuarto:** Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da taxa e da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia".

## ANEXO:

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS NAS OBRAS MUNICIPAIS (DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE OBRAS, INSPECCIÓN E LIQUIDACIÓN)

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais que se executen por terceiros (dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación), que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, segundo o establecido no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.



### ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa os servizos que o Concello presta aos adxudicatarios de obras municipais (a través dos seus propios servizos técnicos e/ou concertados) de: dirección facultativa, de execución material, inspección, coordinación e comprobación do cumprimento das prescricións establecidas pola Lei de Prevención de Riscos Laborais en materia de seguridade e saúde.

### ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

3.1.- Dirección de obra: Comprende todos os traballos de dirección facultativa da obra, comprendidos na Lei de Contratos do Sector Público; dende a preparación da documentación e autorizacións previas á Acta de Reformulo até a Acta de recepción da Obra.

3.2.- Liquidación: A liquidación é o último acto de verificación das unidades executadas; que da lugar ao peche das certificacións (pagos a conta) e eméndanse calquera erro, exceso ou defecto, axustando os pagos ao realmente executado e sen posibilidade de modificación posterior. O traballo de liquidación atópase incluído no servizo de dirección de obra.

3.3.- Coordinación de Seguridade e Saúde: Inclúe todos os servizos relacionados no Real Decreto 1627/1997, durante o desenvolvemento da obra.

### ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Serán suxeitos pasivos das taxas que se regulan nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que resulten adxudicatarias das obras ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa, cando sexan legalmente esixibles a dirección de obra ou/e os servizos de coordinación e saúde (e con independencia de que o servizo se preste de xeito directo ou indirecto)

## ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a Base Impoñible da taxa o Orzamento de execución por contrata (segundo proxecto técnico, memoria valorada ou orzamento aprobado polo Concello).

O Orzamento de execución por contrata está composto polo presuposto de execución material, mais os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, que serven de base para a licitación das obras.

## ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas:

| | |
|---|---|
| Dirección das obras | 3% sobre o Orzamento Execución por contrata |
| Coordinación de seguridade e saúde | 1% sobre o Orzamento Execución por contrata |



## ARTIGO 7. DEVINDICACIÓN

As taxas devindicaranse cando se presenten á aprobación cada unha das certificacións correspondentes á obra cuxa dirección e/ou coordinación en materia de seguridade e saúde constitúa o feito impoñible.

## ARTIGO 8. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN.

1.- A Alcaldía (ou órgano no que delegue) aprobará a liquidación das Taxas a partir do momento da presentación das certificacións indicadas no artigo anterior, polos adxudicatarios contratistas das obras públicas municipais, a quen se lles preste os servizos de dirección técnica e/ou coordinación en materia de seguridade e saúde. Por razóns de economía procesual, a liquidación das Taxas pode aprobarse xunto coa certificación de obra.

2.- Existen dúas canles para o ingreso das taxas na Tesourería Municipal: 1) Ao proceder ao pagamento da certificación, poderá practicarase retención sobre a parte que corresponda á taxa. 2) Ou ben liquidar as taxas ao contribuínte de xeito independente, esixíndolle o seu ingreso nas arcas municipais, nos prazos conferidos pola lexislación tributaria.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

## DISPOSICIÓN FINAL.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

O voceiro do Grupo Mixto toma a palabra para dicir que lle gustaría presentar una moción ou declaración institucional por razón de urxencia. Non a puido imprimir, pero a pode enviar agora mesmo aos dispositivos móbiles dos voceiros dos outros grupos políticos municipais. Refírese a Ana Miranda, que foi expulsada polo Estado de Israel cando acudiu alí coa Eurocámara e non puido exercer as súas funcións como eurodeputada. Consideramos que é un ataque moi grave hacia unha persoa que está alí porque foi elixida polo pobo.

A Alcaldía fai un receso na sesión plenaria, para poder estudar brevemente a proposta do voceiro do Grupo Mixto.

Retomada a sesión plenaria a Alcaldesa, despois de ler o asunto que se plantexa, considera que carecen dos elementos suficientes para poder tomar unha decisión. Trátase dun tema internacional e neste momento non teñen a información suficiente para pronunciarse. Propón deixar o asunto sobre a mesa, para que poida ser tratado noutra sesión con máis tempo, e poder analizar este asunto e poder emitir un voto responsable.

## 9. <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>



A voceira do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

*1.- No decreto 140 fálase de que o Concello de Lousame vai compartir co Concello de Porto do Son unha empregada municipal, por mor da baixa doutro empregado en Porto do Son. O decreto di que o Concello de Porto do Son ten unha carencia de persoal.... Pero o mesmo lle pasa ao Concello de Lousame. Neste salón de Plenos tense comentado que hai moito traballo e pouco persoal para facelo.*

Alcaldesa: O Concello de Lousame estivo igual fai un tempo, e por un período prolongado. Neste caso dixéronnos que en principio ía ser breve. Fai un tempo, a empregada municipal de Lousame estivo ausente do seu posto durante un período importante de tempo. E o Concello de Porto do Son, a través dun convenio semellante, permitiu que unha traballadora municipal cubrise a necesidade do Concello de Lousame. Agora sucede á inversa, e considera necesario responder do mesmo xeito. Se antes pediches axuda e che axudaron, agora hai que facer o mesmo. E ademais esa axuda é fóra da xornada laboral da traballadora de Lousame. Tamén pasaba o mesmo coa rapaza do Son. Viña os sábados pola mañá, no medio da semana, viña dous días pola tarde, etcétera.

O voceiro do Grupo Mixto formula os seguintes rogos e preguntas:

*1.- Quere saber como vai a elaboración do Inventario de Bens do Concello de Lousame.*

Alcaldesa: Non quere ser pesimista, senón realista. A empresa que o elaborou ten listo o Inventario de Bens. Dende o Departamento de Urbanismo, xa o revisaron en 2 ocasións, porque é un documento difícil. Logo o expediente ten que pasar pola Secretaría-Intervención. Esta última parte é a que falta. Que sala do Departamento de Urbanismo e que pase á Secretaría-Intervención. Ela recorda tomar posesión como concelleira e o Secretario por aquel entonces, Hilario, xa dicía que había unha tarefa pendente: aprobar o Inventario de Bens Municipal. A ela gustaríalle traelo a aprobar nesta lexislatura, era un obxectivo. O traballo sobre o terreo está feito. E agora a ver o que somos capaces de facer administrativamente. Non di que sexa imposible, pero non é tarefa doada. A persoa que estea despois de maio, que saiba que o expediente está

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

case que ultimado para poder ser aprobado polo Pleno Corporativo. Non sabe se será capaz de traelo nesta lexislatura.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que se é capaz de traelo, gustaríalle telo coa antelación suficiente para poder estudalo en profundidade.

A Alcaldesa concorda en que é un documento complicado. Pero tamén é certo que unha vez aprobado inicialmente hai un período de alegacións longo, para poder examinalo en profundidade.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e quince minutos (21:15 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

| | |
|---|---|
| A ALCALDESA | A SECRETARIA-INTERVENTORA |
| Mª Teresa Villaverde Pais | Paula Ares Otero |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/05/2023 11:13:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/05/2023 12:43:00)
Versión imprimible
CVD: ZVxhrn7H+5Y+3JyPphoy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).